



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 25 DE ABRIL DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e cinco de abril de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado quince de abril de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/N/123.4/11. -

Visto o escrito presentado por **Dona Lorena González Mosquera con DNI nº 36.136.045-D**, onde solicita Licenza de Obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, según Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Don Víctor Manuel Ben Mosquera e visado en data de 07.09.2012.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 22 de abril de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada”

Visto o informe xurídico de data 22 de abril de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico ”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

1. Conceder licenza de obras a **Dona Lorena González Mosquera con DNI nº 36.136.045-D** para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, na Rúa Aldea nº 42 (Ref. Catastral 97109/10), en Francelos.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 94.072,00 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Aldea nº 42, en Francelos.

Redactor do proxecto: Don Víctor Manuel Ben Mosquera.

Dirección da execución das obras: Don Víctor Manuel Ben Mosquera.

Nome ou razón social do promotor: Dona Lorena González Mosquera.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 11/02/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 2.445,87 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 94.072,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Importe execución material / coste da obra:	94.072,00 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.445,87 €	
Aboado por autoliquidación:	2.445,87 €	11-02-13
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**
 - Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.
 - Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.
 - Manterase en todo momento a limpeza do vial público.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 22 de abril de 2013:
 - o *No Proxecto presentado inclúese o tratamento dos paramentos exteriores e a reparación da cuberta das edificacións anexas; inclúese, así mesmo, o tratamento superficial do terreo non edificado.*
 - A cor a utilizar nos cerramentos será coherente co contorno existente.*
 - Na execución das obras adecuaranse os pechamentos da parcela ó disposto no Artigo 9. Deberes de uso, conservación e rehabilitación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
 - o *Achégase, co presente informe, copia da Resolución da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de Ourense, na súa sesión do día 21 de marzo de 2013, coa finalidade de remisión ó solicitante, entendendo que, na execución das obras, deberán cumprirse as cautelas sinaladas na mesma:*
 - Dende o punto de vista arquitectónico:*
 - *A carpintería de aluminio será coplanar, de apertura abatible ou guillotina, sen particións nin imitacións historicistas en cor tradicional do núcleo.*
 - *A solución de escurecemento resolverase con contras interiores, prohibíndose as persianas de rolo ou contras ó exterior.*



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Dende o punto de vista arqueolóxico:

- Deberá facerse un control arqueolóxico das remocións de terras, e os resultados do mesmo incluíranse na memoria final da intervención..

- *Antes do Inicio das Obras, deberá presentarse o Oficio de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en Materia de Seguridade e Saúde.*

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Antero Docampo Parente en representación de RESIDENCIAL RIBADAVIA, S.A. con data RE 16 de abril de 2013 N° RE 2100, relativo a devolución del proxecto técnico presentado así como do ICIO liquidado.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por **DON JOSÉ ANTONIO PUGA ESPIÑEIRA con DNI nº 34.535.179**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Oliveira nº 24, 2º B, en Ribadavia, con número de expediente **RIB/N/33/13**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 16.04.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Rúa Ribeiro nº 83 (Ref. Catastral 07297/07), en Ribadavia, a solicitude de Don José Antonio Puga Espiñeira, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1, con data RE 17 de abril de 2013 N° RE 2113, relativa a requerimento de aporte de liquidación de intereses do procedemento abreviado 4/2012 e execución definitiva 70/2012.
2. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1, con data RE 17 de abril de 2013 N° RE 2114, relativa a devolución do depósito constituído do procedemento abreviado 4/2012 e execución definitiva 70/2012.
3. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1, con data RE 22 de abril de 2013 N° RE 2160, relativa a dilixencia de ordenación do procedemento abreviado 4/2012 e execución definitiva 70/2012.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

4. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2, con data RE 18 de abril de 2013 N° RE 2128, relativa a comunicación da sentenza do procedemento abreviado 57/2012 e execución definitiva 17/2013 -D.
5. Comunicación da Deputación de Ourense, con data RE 24 de abril de 2013 N° RE 2192, relativa a execución de traballos coa brigada da deputación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda comunicar a Deputación o seguinte:

1. O concello non ten constancia da petición desta obra con estas condicións e solicita aclaración sobre quen a solicitou.
2. Si que se solicitou unha obra moi similar no POL 2013, e se solicita que se asuma este proxecto e que se anule a obra a que se fai referencia na antedita comunicación.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo Secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e particular , para a utilización de instalacións deportivas municipais.
A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes visto o contido do citado convenio, acorda autorizar ao Sr. Alcalde para que proceda a súa sinatura.

DECLARACION DE INCURSIÓN NA SITUACION DE FORA DE ORDENACIÓN RIB/C/179.2/12.-

Visto o expediente iniciado en data 2 de abril de 2012 mediante solicitude de Don Jaime López Vázquez ao amparo da Disposición Transitoria 3ª da Lei 2/2010.

Visto o informe técnico de data 23 de abril de 2013 no que se dicía que:

“Cuarto: En canto aos requisitos a cumprir pola edificación para poder acollerse ao réxime previsto na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010:

- a) *Non estar executadas sobre terreos cualificados polo planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento público. A construción está situada en solo de núcleo rural común.*
- b) *Terse realizado sen licenza urbanística municipal ou sen a preceptiva autorización autonómica. No arquivo do Concello a única documentación existente é a indicada no punto terceiro. Non consta licenza de obras nin de actividade.*



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

- c) *Que se acredite que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003 se atopaba totalmente rematada. Preséntase Informe de Antigüidade emitido polo técnico Luis Antonio Pereiro González, Boletín de Instalación Eléctrica de data 21 de setembro de 1994, e póliza de abono para suministro de enerxía eléctrica ca empresa Unión Fenosa de data 9 de setembro de 1994.*
- d) *Que a Administración non adoptase ningunha medida de restauración da legalidade urbanística ou ambiental antes da entrada en vigor da Lei 2/2010. Non consta no a Arquivo Municipal expediente de Disciplina Urbanística.*

Conclusión: Vista a documentación existente informase favorablemente a solicitude de declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, dunha edificación destinada a vivenda en planta baixa e baixo-cuberta, e adega en planta semisoto, situada no Barrio de As Quintas nº 41, Esposende, no municipio de Ribadavia (Ourense), instada por Jaime López Vázquez”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. A declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, dunha edificación destinada a vivenda en planta baixa e baixo-cuberta, e adega en planta semisoto, situada no Barrio De As Quintas nº 41 (Ref. Catastral 000995000NG78E0001YX), Esposende, no municipio de Ribadavia, instada por Don Jaime López Vázquez con DNI nº 34.903.929-A.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

